

Código do documento USG18I01JH	Código do expediente USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)  1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 12 de decembro de 2023 segundo borrador da sesión de data 8 de novembro de 2023.

Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do Sr. Alcalde-Presidente e do Secretario municipal.

Visto e prace
(Asinado dixitalmente)

O secretario
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-15031000-H

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. Cristina Pardo Portos
D. Carlos Liñares Gestal
D^a. Marta María Iglesias Becerra
D^a. María Penélope López Díaz
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

Grupo municipal do PP:

D^a. Izaskun García Gorostizu
D. Marco Antonio Pazos Regueiro
D. Juan Carlos Leites Maneiro
D. José Antonio Golpe Faraldo
D^a. Vanesa Fernández González
D. Antonio Bouza Teijeiro
D. Manuel Núñez Seoane

Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera
D. Gonzalo Méndez Mosqueira
D. Xabier Fernández Villarrenaga Vázquez

Grupo municipal AA.VV.:

D^a. Indrani Thais Palla Maceiras
D. Miguel Fraga Pulleiro

C.I.F. P-1503100-H

Secretario:

D. José Villán Fuertes

Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás nove horas e trinta minutos (9:30 h) do día vinte e catro de outubro de dous mil vinte e tres (24/10/2023), reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto por resolución núm. 1978 do 19/10/2023, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario e pola Interventora municipais.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

1.- ESTADO ACTUAL ADMINISTRATIVO E OPERATIVO DE VARIOS CONTRATOS CADUCADOS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA VIARIA, LIMPEZA DE EDIFICIOS, E MANTEMENTO DE XARDÍNS, ZONAS 1, 3 e 4 (SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, REXISTRO DE ENTRADA 2023/10667 DO 03/10/2023).

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

O Sr. Alcalde-presidente dá conta do escrito presentado no Rexistro municipal pola voceira do Grupo Político do Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu (número de Rexistro de Entrada 2023/10667 do 03/10/2023), códigos de documento URP17E0L9K e URP17E0L9L, no que se propón o que literalmente se transcribe:

«Proceder, a la mayor brevedad posible, a la licitación de los citados servicios cuyos contratos carecen de vigencia en la actualidad, con la finalidad de dar cumplimiento a la legalidad vigente y dotar de seguridad jurídica tanto a las propias empresas prestadoras de los servicios y a los trabajadores de las mismas, como a los vecinos y vecinas de Culleredo.»

No dito escrito refire os contratos caducados e prorrogados irregularmente polo Concello de Culleredo coas entidades mercantís XALO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e JARDINCELAS, S.L., para a prestación dos seguintes servizos:

- Limpeza viaria, desde o 2012 (XALO OBRAS Y SERVICIOS, S.L.)
- Limpeza de edificios, desde o 2020 (XALO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.)
- Mantemento de xardíns, zonas 1 e 3, desde 2019 (JARDINCELAS, S.L.)
- Mantemento de xardíns, zona 4, desde 2020 (JARDINCELAS, S.L.)

O alcalde-presidente abre unha quenda de intervencións.

A Sra. García Gorostizu, voceira do Grupo Político Partido Popular de Culleredo, procede coa súa primeira intervención que, ao ser proporcionada por escrito, se transcribe literalmente:

«Buenos días, Alcalde, concejales, vecinos y vecinas de Culleredo.

Y en especial a los que estáis hoy en este salón de actos.

Muchos de vosotros trabajadores de una de las empresas que presta servicios básicos en Culleredo, y que lleva ya muchos años haciéndolo con el contrato caducado, con todos los problemas que esto conlleva.

El contrato de estos servicios está caducado porque el gobierno local así lo ha permitido, de manera premeditada, forzando a la empresa a continuar prestando sus servicios en una situación jurídica que la ha llevado al límite.

En una situación que ha terminado perjudicando a sus trabajadores, sobre los que hoy planea la posibilidad de un ERTE.

El señor alcalde ha dejado pasar muchos años sin licitar no solo este contrato de limpieza viaria, si no contratos importantísimos como el servicio de abastecimiento del agua, el mantenimiento de parques y jardines, ayuda a domicilio, etc

Yo, de verdad, preferiría que el Concello hubiese hecho las cosas bien, y no haber tenido que forzar este pleno extraordinario.

Pero desde el Partido Popular nos hemos visto obligados a hacerlo, porque creemos que el alcalde y su equipo llevan demasiado tiempo mostrando su incompetencia para resolver este problema, y porque consideramos que en situaciones como ésta hay que levantar la voz.


Nos vemos obligados por

- 1- la situación dramática en la que se encuentran los trabajadores y sus familias de una de estas empresas q presta en el concello 3 servicios públicos con contratos caducados: limpieza viaria, limpieza de edificios, mantenimiento de parques y jardines.*
- 2- se pone en peligro la eficiencia de los servicios públicos en este concello ya que al tener un contrato caducado se complica la exigencia a la empresa de las condiciones del servicio.*
- 3- Porque el precio de estos servicios que se prestan de manera irregular no se ajusta al coste real.*
- 4- Porque son servicios en el que se están dejando de incorporar, en los contratos, cláusulas sociales o medioambientales.*
- 5- Porque un servicio sin contrato o con contrato caducado es un servicio ilegítimamente retenido que impide la libre competencia de las diversas empresas y profesionales que también pueden estar interesadas en prestar ese servicio.*
- 6- nos vemos obligados porque tenemos la certeza de que este alcalde y su equipo de gobierno son incapaces e incompetentes en solucionar este problema estructural que existe desde hace más de 10 años.*

Hay que tomar medidas urgentes, que partan de asumir la realidad. Hay que tener la capacidad de hacer un diagnóstico, de analizar por qué hemos llegado a esta situación. Y ver cómo podemos volver a una normalidad en la prestación de los servicios públicos que no haga quebrar la seguridad jurídica y el estado de derecho.

De verdad cree, señor Rioboo, que se puede permitir que una empresa que presta servicios básicos en este concello esté 11 años con el contrato caducado?

Puede tolerarse que el tiempo en que una empresa presta ese servicio público con contrato caducado sea de un año? Año y medio? Mientras se tramita el expediente de licitación y adjudicación del nuevo contrato, es tolerable un tiempo de espera de un año? Podría ser tolerable políticamente.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

Pero es tolerable un tiempo de espera de 2-3-4 de hasta 11 años sin que a día de hoy estén ni elaborados, ni aprobados los pliegos de prescripciones técnicas y administrativas que regirán esta convocatoria de concesión de servicio público?

Esta situación ni es tolerable políticamente ni se puede transigir jurídicamente.

Ustedes por su falta de gestión, su incapacidad, su ineficacia, su incompetencia, fuerzan a la empresa que prestaba estos servicios con contrato a mantenerlos en el tiempo, pero al estar caducados:

1. La empresa adjudicataria pierde el derecho a la revisión de precios. Está cobrando por sus servicios lo mismo que hace 12 años, perdiendo dinero todos los meses, porque lo que le paga el concello no cubre el servicio prestado. La empresa se lo ha reclamado en numerosas ocasiones pero usted hace oídos sordos porque no le interesa.

2.- La empresa presenta facturas por los trabajos realizados a lo largo del mes, y que se pagan como contrato menor. Intervención repara las facturas que usted levanta por decreto de alcaldía y vuelve a intervención para aprobar el pago, lo que provoca un retraso en el abono, siendo uno de los motivos de retraso en el pago a los trabajadores por parte de la empresa.

Y esta forma irregular de pagar las facturas a través de contratos menores no solo la utilizan con el contrato de limpieza viaria.

El Concello ha convertido esta situación en algo estructural. Afecta a prácticamente todos los contratos.

Su falta de gestión es tal que llegamos a los 9 millones de euros que se pagan de manera irregular en este concello.

Y no lo decimos nosotros, lo dice el informe del Consello de Contas con los datos de la auditoría llevada a cabo en los años 2017-2018-2019, y publicada a principios de este año.

Más de 9 millones de euros de facturas que se pagan de manera irregular. Aquí está el listado de contratos caducados al que hace referencia el informe del consello de contas:

- Limpieza viaria desde el 2012*
- Abastecimiento del agua desde el 2014*
- Servicio de ayuda en el hogar desde 2017*
- Mantenimiento de jardines, zona 1 2 y 3 desde el 2019 y la zona 4 desde el 2020*

- *Limpieza de edificios desde el 2020*
- *Mantenimiento de áreas de juego infantiles desde 2021*

Y esto requiere exigir responsabilidades políticas.

Esta falta de gestión es de dimisión sr. Alcalde. Cualquier persona con un mínimo de honestidad se hubiera ido a su casa. Pero su cara dura supera cualquier expectativa.

Mire Sr. Alclade, cuando finalizó este contrato del que hablamos, usted era concejal de la oposición. Y se rasgaba las vestiduras a lo largo del año 13-14 y 15 porque era intolerable, y usted mismo, en foros pequeños, reuniones, sacaba los colores al anterior alcalde, a Julio Sacristán, por no resolver esta situación.

Cuando en 2015 se presenta a las elecciones en coalición con el PSOE de Culleredo, tardó año y medio en preparar una conspiración porque el anterior alcalde, que llevaba tanto tiempo y no era capaz de dar solución a estos problemas, debía de dimitir, porque usted, de tacón, lo sacaba en 3 meses.

C.I.F. P-1503100-H

Tomó posesión de alcalde en el 2017, hace 6 años, y ni una gestión. No solo no ha hecho gestión con los dos contratos caducados que se encontró, si no que se le han ido caducando todos los demás. Volvemos a repetir:

*Mantenimiento de parques y jardines
Servicio de ayuda en el hogar
Limpieza de edificios
Mantenimiento de áreas de juegos infantiles*

Usted puede decir que cuando estaba en la oposición había poco personal en contratación. Usted puede decir que actualmente tenemos un problema por la falta de personal en este concello, pero es que usted lleva 6 años de alcalde y sigue habiendo las mismas personas en contratación. Y qué ha hecho usted para solucionar esto? Nada, cero.

Hay una falta estructural y coyuntural de personal en este ayuntamiento. Es obvio. Y mientras eso no se soluciones es imposible pensar en aprobar un PXOM, o actuaciones necesarias para el crecimiento de este concello. Pero usted no se da cuenta de que de lo único que saca pecho es de iniciativas privadas? Hay una falta estructural porque no se repone el personal que se jubila o que se marcha de este ayuntamiento y hay una falta coyuntural porque tampoco se cubren las bajas del personal.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

Es más, no sabe ni su concejala de personal el porcentaje de funcionarios de baja que hay, ni estadísticas, ni seguimiento, ni de poner solución ni de preocuparse del bienestar de sus trabajadores.

Y todo esto, además de decirlo nosotros, lo dice también el consello de contas en su informe. "La estructura organizativa, tanto del área de contratación como de la intervención municipal, presenta debilidades en su tamaño y en la dotación de los medios personales", "Debe dotarse el área de contratación y de la intervención municipal de una estructura y de una cobertura de puestos adecuada a la dimensión del ayuntamiento"

No se preocupan ni de los trabajadores de las subcontratas que realizan un servicio público en este ayuntamiento, ni de sus propios trabajadores y por ende de los vecinos de Culleredo.

Tiene delante de usted a unos trabajadores pidiéndole una solución a usted que es el único responsable de esta situación. Y qué ha hecho? Qué han hecho sus concejales? Otra vez nada.

Prueba de ello es la injerencia de su grupo político que a través de su secretario de organización del PSOE de Culleredo es también el interlocutor con los trabajadores de las subcontratas en el conflicto laboral con su empresa, y en suma con el ayuntamiento, poniendo de manifiesto el conflicto de intereses que sonrojaría a cualquier persona.

Y ahora ustedes plantean como solución a la situación concreta de estos trabajadores y del servicio de limpieza viaria que la empresa cese voluntariamente el servicio para la contratación por vía urgente de un tercero, mientras no se elaboran los pliegos del nuevo contrato y dejando de lado a la empresa prestadora del servicio con los problemas derivados de su incompetencia.

(.../...)

No se da cuenta que la solución que usted plantea, de que la empresa prorrogada renuncie si no le dan las cuentas, que ya buscamos desde el Ayuntamiento otra que se subroge, es muy preocupante para cualquier responsable público?

Porque esa empresa que asumiría el servicio, lo haría en las mismas condiciones, perdería dinero, salvo que usted, lo que no está dispuesto a hacer con la empresa actual, lo tenga previsto hacer con otra nueva empresa. Lo que no hace con esta empresa de Culleredo, que ha dado trabajo a vecinos de Culleredo, que paga sus impuestos en Culleredo, que genera riqueza en Culleredo, lo pretende hacer con una de fuera?

y además, porque lo que usted plantea de manera transitorio, no será tan transitorio cuando usted no tiene ni un solo folio escrito sobre esto.

La semana pasada en junta de portavoces nos anuncia la posibilidad de externalizar la elaboración de los pliegos de la contratación. Ahora!. Ahora quiere externalizar el servicio, pero por qué no lo ha hecho antes? Por qué no lo ha hecho desde hace 6 años?

Ahora que le he oído de externalizar la elaboración de estos pliegos tal vez lo que tengamos que externalizar es la alcaldía de este concello porque mientras usted y su equipo permanezcan aquí, este concello irá a peor.

Aquí se trata de que a usted le damos tres meses para que se publique la licitación del más antiguo, del que lleva 11 años caducado como inicio de que usted, cada tres meses, licitará uno. Porque si usted no tiene capacidad de en tres meses de licitar el más sencillo, usted no tiene capacidad de ser alcalde de este municipio.

Los trabajadores, ciudadanos y yo esperamos curiosos sus respuestas. Que cumpla sus obligaciones y que ostente con dignidad la representación de sus vecinos y en caso contrario, lo repetiremos las veces que haga falta, váyase a su casa.

Los vecinos de Culleredo nos merecemos unos servicios públicos de calidad, a la altura de lo que pagamos y de lo que nos cuesta este equipo de gobierno por lo que PROPONEMOS como prueba de que usted tiene esa voluntad inequívoca de regeneración, como decía cuando estaba en la oposición, de ir a la raíz de los problemas y de cortar donde haya que cortar y abonar donde haya que abonar para que crezca la eficiencia, la seguridad jurídica, si usted no acredita en este plazo de 3 meses la capacidad de sacar esta licitación que nos ocupa hoy este pleno, nosotros articularíamos todos los mecanismos políticos, administrativos y judiciales para poner fin a esta situación.»

A Sra. Palla Maceiras, voceira do grupo municipal Alternativa dos Veciños, unha vez concedido o uso da palabra, di que o seu Grupo súmase á proposta que o Partido Popular vén de facer no pleno, sobre todo porque é unha denuncia que Alternativa dos Veciños vén realizando desde hai anos. Hoxe no Pleno deberíase dar conta da xestión política independentemente do control da legalidade dos contratos que puidera corresponder a outras esferas. Deberíase discernir e explicar a todos os veciños e a toda a Corporación municipal por que dende hai anos non se regulariza a situación dos contratos do Concello. Desde o ano 2017 está a Lei de contratos do sector público que obriga, ou aconsella noutros supostos, a sacar a concurso este tipo de contratos polo que haberá que explicar por que non se está cumprindo con esta normativa vixente. Hai contratos que están caducados dende hai anos e algúns deles desde o ano

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

2012, non atopando máis explicación para isto que unha falta de xestión por parte do goberno municipal. Agardan que se dean ditas explicacións e que, a partir de aí, se actúe en consecuencia porque saben que agora se está intentando dar solución a este problema pero a pregunta é se era necesario agardar á situación que se está a dar con estas empresas para darlle solución á súa problemática.

O Sr. Chouciño Garrido, voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, unha vez concedido o uso da palabra, di que non entenden por que se celebra o pleno neste horario xa que se acordou no pleno de organización que os plenos se celebrarían ás oito da tarde para facilitar a participación veciñal, máximo cando é unha cuestión que afecta a tantos e tantas veciñas de Culleredo que neste momento seguramente están en horario laboral, véndose que o Sr. Alcalde se revolve ante a cuestión de que os plenos non só sexan públicos por lei senón que se garanta que se poida asistir e participar dos asuntos públicos.

Lles parece estraño que o PP deixara os servizos sen contrato nunha lista tan breve porque desde o BNG xa teñen reclamado hai moito tempo o contrato de xestión de auga potable, que leva a empresa Gestagua de forma ilegal desde o ano 2014, ou o de asistencia a domicilio, moi importante tamén. Ampliaron a lista porque é importante ver a variedade de cuestións que dan pé a este asunto e hai que recordar a denuncia dunha persoa que faleceu por unha cuestión relacionada coa Covid e na que as traballadoras se queixaban de poucos recursos e parece que esa foi a causa, ou a cantidade de veces que se denunciou a calidade do servizo da auga. Fálase de cuestións de calidade de servizo, de cuestións de tipo económico, de cuestións de seguridade e de cuestións de relacións laborais.

O PP e o Sr. Alcalde coinciden en que hai que buscar solución ao problema de Jardincelas pero a problemática vai moito máis alá, sendo o goberno municipal do PSOE o único culpable de non ter licitado os servizos en tantos anos, cómplices das empresas que agora incumpren os dereitos das traballadoras e que non abonan os seus salarios en tempo e forma. Agora pasa con esta empresa, podería pasar mañá con Gestagua ou con calquera outra empresa que presta os seus servizos en precariedade. Iso ao PP parece non preocuparlle.

O BNG trasladou ao PP e a Alternativa dos Veciños a oportunidade extraordinaria coa que se contaba no pleno de organización para poder forzar ao goberno municipal ao cumprimento de certos compromisos reais, previos á aprobación das dedicacións e salarios da Corporación municipal, deixando claro naquel momento que por suposto que a dedicación ao Concello debe estar remunerada para que sexa real e efectiva e que as forzas da oposición deben contar tamén con recursos para realizar o seu labor pero as concelleiras e concelleiros do Goberno deberían demostrar naquel momento a súa dedicación real e efectiva ao Concello de Culleredo cunha serie de compromisos que o BNG trasladou e nos que insistiu até minutos antes do propio Pleno de organización,

9 de 20

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

lembrando que o primeiro deses compromisos era que previo á aprobación dun acordo no Pleno de organización, o goberno municipal debía nos primeiros cen días de goberno, publicar os pregos e as convocatorias á licitación, ou convocar os xa publicados para os principais servizos municipais sen contrato: abastecemento de auga potable, limpeza viaria, limpeza de edificios públicos, mantemento de parques e xardíns, axuda no fogar, alumeadado público, mantemento de vias..., pero dixeron non a dita proposta, que incluía cincuenta medidas como a que mencionou para unha rexeneración democrática de Culleredo. Os cen días xa pasaron e agora vese o resultado; non se quixo condicionar. O PP non quixo porque xa tiña pactado un reparto de salarios co goberno do PSOE. Non é a primeira vez nin será a última na que PP e PSOE compartan postura nas cuestións que lles afectan a eles, non á veciñanza de Culleredo.

Para o BNG e para calquera partido que se declare de esquerdas e defenda os servizos públicos o estado natural da prestación dos servizos é a xestión directa, é dicir, a través de traballadores públicos contratados conforme á Lei de contratación, e non que se contrate a empresas que a súa vez fan mercantilismo co emprego, que contratan en condicións precarias, que como hoxe se ve pagan tarde, mal e arrastro e que, aínda por enriba, tal como se está a ver no caso recente do sindicato STL, de traballadoras de limpeza nos servizos da Coruña e do Consorcio, resulta que extorsionan mediante a afiliación obrigatoria e o paso por caixa como requisito previo para poder traballar. Todo iso é o que o marxismo denomina usurpar a plusvalía da clase traballadora. Sen embargo, o autodenominado goberno máis progresista da historia do PSOE aínda non foi quen de derrogar a Lei Montoro, aquel ministro do PP que limita a contratación de persoal público e que, polo tanto, fai obrigada a prestación por xestión indirecta, é dicir, contratada a empresas. Pregunta cal é polo tanto a única vía que lle queda á Administración Pública, como o Concello de Culleredo, para garantir a calidade dos servizos públicos e dar seguridade xurídica ás empresas e persoas traballadoras, respondendo que é a aplicación da Lei de contratos do sector público. Pregunta por que o Goberno municipal non a aplica, e di que as excusas son innumerables, preguntando se acaso é que non se enteran das súas obrigas e engade que no pleno municipal téñense aprobado numerosas mocións con texto igual ou semellante á proposta do PP que hoxe se presenta e parece que caeron en saco roto. Non é que non se enteren senón que o que pasa é que nesta cuestión hai miolo, hai intencionalidade, cheirando a chamusco.

Pregunta se o problema puidera ser que non se conta con persoal suficiente como repetidamente di o Sr. Alcalde e por que entón se deixan caducar ofertas de emprego público sen convocar os procedementos de selección, por que se redactan mal as bases e as convocatorias a pesar de que os teñan avisado en numerosas ocasións, facendo que os procedementos de selección de persoal se eternicen pola súa culpa, por que non atenden correctamente ás alegacións, ás

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

impugnacións, ás solicitudes de revisión de oficio ou á presentación de recursos, facendo que os procedementos de selección nunca dean seguridade xurídica. Outra escusa é que é difícil planificar a contratación pública destes servizos, tendo dito o Sr. Alcalde que é moi difícil elaborar os pregos de contratación cando a realidade é que non é que se equivoquen ao dicir iso senón que é unha mentira á mantenta pois non houbo problemas para facer un contrato para poñer orquestras nas festas, nin problemas de persoal nin de recursos nin de ningún tipo, deixando claro cales son as prioridades do goberno do Sr. Rioboo. Hai máis casos para ver a que ridículo chegan o Sr. Alcalde o o goberno municipal a este respecto e pon como exemplo os pregos da xestión da auga potable, que foron redactados e despois recorridos por una soa cuestión, por un só punto, o feito de que unha empresa denunciou, e co que a xustiza concordou, que non se trataba dun contrato de concesión de servizos público senón dun contrato de prestación de servizo público, polo que se naquel momento o goberno municipal tivera modificado ese punto, a licitación podería ter continuado, pero preferiron non facelo, preferiron que Gestagua continuara prestando o servizo en precario, unha empresa que cando a veciñanza reclama que a auga chega ás casas sucia, levanta os ombreiros e di que non hai contrato que lle obrigue a que a auga saia limpa. Os pregos recollían ademais a obriga da empresa concesionaria de pagar un canon dun mínimo de 50.000 euros, sendo esta a cantidade que o Concello de Culleredo está perdendo por non ter o contrato licitado.

C.I.F. P-1503100-H

Outro exemplo son os pregos para contratar a limpeza viaria, calificados como "moi difíciles" cando a realidade é que xa están redactados e publicados no portal de contratación do Estado, onde seguen a día de hoxe sen que a contratación pase do estado de publicado desde o ano 2019. Non se fixo nada máis e ningunha empresa os recorreu, preferindo os gobernos municipais do PSOE de Culleredo que seguirá Xalo daquela e agora Jardincelas embuchando centos de miles de euros cada ano por un servizo que non ten contrato vixente. A empresa tampouco denunciou nunca a situación mentres nos últimos 4 anos, a través de facturas con continuos reparos de intervención por non axustarse a ningún modo de contratación legal, estas dúas empresas facturaron ao Concello de Culleredo 5.389.291,22 euros, obrigando a que cada vez que chega unha factura polo rexistro do Concello, a interventora comprobe se esa factura se corresponde a un contrato vixente do Concello e no caso que se trata hoxe no Pleno dirá que non se corresponde a ningún contrato vixente e en consecuencia, pon un reparo para que non se poida pagar porque non corresponde aos principios da legalidade que ten que cumprir un concello. quen ten a competencia para contradicir ese reparo e facer que efectivamente esa factura se pague sen cumprir coa legalidade é o Sr. Alcalde. Esas facturas ilegais si son as que están pagando os salarios das traballadoras destas empresas pero esa forma de proceder é tamén a que leva a esas traballadoras á actual situación de inseguridade coa que traballan día a día, pensando en

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

cando cobrarán e como poderán chegar ata ese día sen que o Sr. Alcalde e o goberno municipal sexan conscientes desa situación e así desde hai moitos anos, utilizando como reféns ás traballadoras, primeiro meténdolles o medo no corpo cando desde o BNG reclamaron ano tras ano a licitación dos servizos públicos sen contrato, e despois deixándoas na estacada cando a empresa á que eles mesmos mantiveron prestando o servizo de maneira ilegal as ameaza con levar a cabo un ERTE. Para pechar o círculo, na representación sindical das traballadoras colocan a Juan Carreira, unha persoa que evidentemente deberá recusarse de participar nesta loita pola súa implicación directa co PSOE de Culleredo e co goberno municipal, como coordinador comarcal do PSOE.

O informe do secretario municipal para este Pleno confirma a ilegalidade na que se atopa o Concello de Culleredo na contratación de todos os servizos e di, por exemplo, que a continuidade na prestación do servizo debe garantir a prestación do mesmo durante o tempo necesario para a tramitación, adxudicación e formalización dun novo contrato de servizos, apuntando tamén que el non ten nada que sinalar fora de apuntar a necesaria contratación deses servizos dado o tempo transcorrido dende o seu término.

Hai que preguntarse cal é o tempo necesario para esa tramitación pois calquera podería pensar que ese prazo é algo indefinido e por iso, para completar o que o secretario di no seu informe, di que cre ben comentar que ese prazo vén especificado na Lei de contratos do sector público no artigo 29, procedendo a continuación a ler dito artigo que se transcribe no seu literal:


"Artículo 29. Plazo de duración de los contratos y de ejecución de la prestación.

4. Los contratos de suministros y de servicios de prestación sucesiva tendrán un plazo máximo de duración de cinco años, incluyendo las posibles prórrogas.

No obstante los establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario, hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario."

Sábase perfectamente canto pode durar un contrato, canto poden durar as súas prórrogas e cando vai rematar, cando hai que ter preparados os pregos de contratación para a seguinte licitación, canto se pode exceder por acontecementos imprevisibles o prazo máximo para unha nova licitación, que son nove meses, e aínda así o goberno municipal non é quen de sacar nin unha contratación adiante, transformando os nove meses en once anos, mantendo a empresas que incumpren dereitos dos traballadores como é cobrar o seu salario en tempo e forma, non estando previsto un traballo que o deberá estar e para o que incluso a lexislación dá unha demora de nove meses.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

C.I.F. P-1503100-H

Non existen razóns para a inacción do goberno municipal máis alá da súa incompetencia ou de querer manter esta situación de ilegalidade de forma deliberada. PP e PSOE veñen ao pleno a ofrecer parches, parches necesarios dada a situación xa que as traballadoras e traballadores destas empresas merecen o seu salario a fin de mes, sen atrasos, sen recortes, sen ERTes, pagando todas as horas do seu traballo, pagando as nocturnidades a quen as traballe, e se pode ser ofrecendo melloras nos seus dereitos, algo que se pode facer a través da contratación suxeita á legalidade, esa que o goberno municipal leva esquivando durante once anos, porque se os contratos dos servizos públicos de Culleredo estivesen ao día, as traballadoras e traballadores estarían seguros de que as súas empresas terían que respectar os seus dereitos ou estarían condenadas á resolución do contrato, e dese xeito esas traballadoras poderían presentarse diante do alcalde para reclamar coa Lei e o contrato baixo o brazo. Pregunta que vai facer agora o goberno municipal e se van facer máis promesas. Pódese facer un listado enorme das veces que o goberno municipal dixo que ía sacar os pregos de contratación, todo palabras baleiras. Desde o BNG levan reclamando isto dende hai moitísimo tempo pois a única vía para asegurar uns servizos públicos de calidade e unha seguridade xurídica para o Concello, para as traballadoras e as empresas é a licitación pública, a contratación a través dos medios legais. Lle pide ao Sr. Alcalde que presente no Pleno uns pregos transparentes, que de verdade introduzan melloras na oferta de servizos públicos e nos dereitos dos traballadores e na economía para o Concello, e que abran a libre competencia para que as empresas podidan presentar melloras que melloren a calidade dos servizos públicos e ofrezan garantías cando se incumpren os mínimos estándares de calidade e que o faga xa pois levan xa once anos agardando.

A continuación fai uso da palabra o Sr. Alcalde-presidente e di que é unha realidade que os contratos están sen licitar e que non vai entrar nas alusións que se fixeron na sesión a persoas que con total liberdade e independencia exercen postos para os que foron elixidos democrática e lexitimamente e o carácter sindical de calquera persoa que estea representando aos traballadores está moi por riba da súa ideoloxía política. O que lle preocupa neste momento ao goberno municipal é a situación de dificultade económica que ten a empresa que ten os servizos que hoxe son obxecto de debate. Nunha reunión conxunta cos traballadores e coa empresa xa dixeron que non ían entrar nas entrañas da empresa porque non lle corresponde, sendo a propia empresa a que ten autonomía suficiente para a súa xestión e a que sabe cal é a súa realidade económica para defender aos traballadores e ás traballadoras. O que lle preocupa é a posible situación de indefensión que poida ter este colectivo porque a propia Lei de contratos e demais lexislación non permite que a Administración pública absorba a todo o colectivo de traballadoras e traballadores das empresas que prestan servizos para ela. Non vai entrar en

13 de 20

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

valoracións sobre a súa persoa e o seu cargo; pero si entende que calquera empresa utilizará todos os seus recursos e todas as vantaxes xurídicas que poidan ter para, no caso de perda económica, poder rescindir os contratos coa administración pública. Podense dar dúas casuísticas, no momento en que se rescinden eses contratos, poder recolocalos noutras empresas, ou que nese momento a empresa poña en coñecemento da Administración a súa situación e que a Administración, con carácter de urxencia, busque alternativas ou solucións ao feito de quedar sen recursos humanos para prestar os servizos, podendo recorrer ao contrato e facer as licitacións oportunas para no tempo en que a empresa di que vai rescindir o contrato, poder salvagardar o servizo e subrogar aos traballadores e traballadoras.

No Concello hai reparos porque a situación é a que é e hai que levantalos. O departamento económico do Concello está a facer un esforzo importante para tratar de ter ao día todas as facturas destas empresas que están a ter problemas para pagar aos seus traballadores e traballadoras puntualmente, pero entrar nas entrañas da propia empresa é algo que non se pode facer.

Hai que licitar pero sen perder a realidade de que son os funcionarios dos distintos departamentos os que teñan que facer os pregos e os pregos de servizos, de limpeza viaria, auga, limpeza de edificios, etc. Son os propios servizos, neste caso o servizo de Medio Ambiente, os encargados de realizar os pregos, véndose nos últimos anos falta de apoio técnico para poder acometer diferentes pregos. O de xardinería está feito e está tramitándose no servizo de Contratación, que ten unha única persoa e non conta coa estrutura necesaria; sendo a falta de persoal un dos motivos fundamentais de que se teña que ocorrer a empresas especializadas na redacción deste tipo de pregos que serán revisados polos funcionarios do Concello ou, en virtude de diversos convenios, cos funcionarios doutras administracións como puidera ser a Deputación.

Tratarán de sacar uns pregos en conxunto que non poidan ser recorridos por ningunha vía pois estariase novamente nunha espiral de prazos moi perigosa, e primarase o servizo de calidade ao cidadán, pregos sostibles que non prexudiquen aos traballadores e traballadoras. Non se pode comparar un prego de orquestras cun de limpeza viaria pois as diferenzas entre eles son importantes e non teñen nada que ver. Intentarase por todos os medios salvagardar a todos os traballadores e traballadoras que estean prestando servizos nas empresas que traballan para o Concello. O Concello non está para defender nin para atacar a ninguén. Vaise sacar un prego proximamente e o servizo a licitación e poderá ser adxudicado ás empresas que agora traballan para o Concello ou a outras, que terán que subrogar aos traballadores e traballadoras. O outro día nunha reunión a nivel Consorcio das Mariñas, falando da planta de Nostián, a empresa que xestiona Nostián dicía que tiña perdas e que non lle daba e engade que el persoalmente non entende que unha empresa poida dicir que perde 10, 15 ou 20.000 euros ao mes, con facturas de 130 ou 140.000 euros, e non deixe o servizo.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

O Concello o que lle di á empresa é que, se está en situación de perda e non se pode enfrontar aos compromisos económicos que ten de cara ao futuro, que o deixe, e o goberno municipal, feitas as consultas oportunas aos servizos xurídico e económico do Concello, trata de buscar solucións xurídicas e solucións legais para, nese intervalo de tempo de nove meses que pode haber para prorrogar o contrato doutra empresa, tratar de ter os pregos solucionados. Non lle parece un xogo moi honorable relacionar as empresas coa problemática do Covid. Están buscando todas as ferramentas xurídicas para rescindir os contratos de todas as empresas que non cumpran coa prestación do servizo e di que non é aceptable o ERTE e que lle fixeron saber xa as empresas que no momento en que presenten o ERTE se estudarán todas as vías para ver a posibilidade de apartar a esas empresas dos servizos municipais e facer un contrato de urxencia para os traballadores e traballadoras.

Hai uns meses dicían que había que sacar os contratos porque se estaba pagando de máis e vese como no momento en que se liciten van subir moito porque os servizos non están adaptados á realidade do Concello de Culleredo, sendo agora conscientes de que iso non é así e que se van a encarecer os custos, engadindo que se alegra de que isto se fixera evidente porque facilitará a boa comunicación entre todos para sacar adiante os contratos. Se convocarán todas as comisións informativas extraordinarias que sexan necesarias para poder informar sobre as actuacións do goberno municipal para poder sacar adiante o prego obxecto de debate e outros. Desexaría poder xuridicamente subrogar a todos os traballadores e traballadoras implicados pero a lexislación non o permite.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, dille ao BNG que non lle sorprende que volva coa súa demagogia e a súa hipocrisía ao facer as acusacións que fixo sobre o Partido Popular. A situación está así porque o Sr. Chouciño non tivo a valentía política de opoñerse á disciplina de partido e votar o que debía sabendo que o actual alcalde non está capacitado. Non quixo reunirse co Partido Popular para, xuntos, defender á veciñanza de Culleredo, optando por defender as siglas do BNG e non gobernar en coalición co Partido Popular buscando beneficios para todos.

Puxeron os contratos que presentan neste punto en primeiro lugar porque afectan aos veciños de Culleredo e son sobre os que se fala de ERTE e por suposto que teñen moitos máis servizos dos que falar.

Lle pregunta ao Sr. Alcalde se o que dixo foi que se á empresa non lle dan os números que cese voluntariamente e o goberno municipal contratará, por vía de urxencia.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e, pedindo desculpas por interromper, di que só quere explicar que o que el dixo foi que lle parece moi raro que unha empresa

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

que durante tantos anos se queixa de perdas, que non cese voluntariamente e deixe de prestar o servizo, e no caso que se está a debater, en que hai que facer fronte a cincuenta nóminas. Se a lexislación permitira que o Concello fixera un contrato de emerxencia eses traballadores e traballadoras quedarían subrogados por esa empresa. Hai que ter en conta tamén a conxuntura económica e adaptar os pregos porque a guerra de Ucraína afectou á economía e agora prevese que afecte tamén a que se está a dar en Israel.

A Sra. García Gorostizu di que non todo o mundo sabe de todo e que é moi lícito preguntar cando non se sabe e engade que xa lle dixo en máis ocasións que pregunte como fan noutros concellos e noutras administracións para resolver estes problemas. Ela preguntou noutros concellos e falou con alcaldes, interventores e tesoueiros que se sorprenden de que Culleredo teña os contratos caducados e e lle din que si é posible que para evitar un enriquecemento inxusto da Administración, a empresa poida presentar outra factura coa diferenza da perda de diñeiro e mentres non se quite a licitación poder darlle unha resposta á empresa que durante anos prestou o servizo. Non lle quedou claro se o alcalde dixo que a empresa presta un servizo cun prezo inferior ao do prezo de mercado e pretende que outra empresa preste o mesmo servizo polos mesmos cartos; preguntándolle se xa ten outra empresa interesada para facelo e se cre que van subrogar aos traballadores e traballadoras sabendo que con esa empresa van perder cartos.

Non entende que o interlocutor cos traballadores da empresa e co Sr. Alcalde sexa o secretario de organización do PSOE de Culleredo. Tivo información por parte dos traballadores de que o pasado martes houbo unha reunión na que acordaron coa empresa que non se ía presentar o ERTE e o venres chega o secretario de organización do PSOE actuando como membro de UXT e di que mellor o ERTE e que a empresa complete o soldo.

O Sr. Alcalde-presidente intervén e di que se está desvirtuando o motivo da sesión que é chegar a un acordo para acelerar a licitación e pide que por unha cuestión estética e de orde non se entre con alusións a persoas que non se coñecen nin ao 80%, indicándolle á Sra. García Gorostizu que está un pouco pez nesta materia e que debe respectar aos membros elixidos democrática e lexitimamente.

A Sra. García Gorostizu insiste en que para os membros do seu Grupo si ten moito que ver que o defensor dos traballadores e traballadoras sexa e secretario de organización do PSOE de Culleredo; preguntando que defensa vai facer un portavoz do partido socialista porque vai dicir o que lle interese ao goberno municipal.

O Sr. Alcalde lle pide á Sra. García Gorostizu que non subestime aos traballadores.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

A Sra. García Gorostizu di que ela non subestima aos traballadores e que o único que intenta é defender os seus intereses e lle pide ao Sr. Alcalde que teña a valentía política de facer ben as cousas.

O Sr. Alcalde repite que non se subestime aos traballadores que elixen aos seus representantes sindicais democraticamente e democraticamente os cesan, e teñen que ser os representantes dos traballadores os que digan si se sinten ou non representados polos seus representantes sindicais.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do Grupo municipal Alternativa dos Veciños, Sra. Palla Maceiras quen, unha vez concedido, di que o seu Grupo só quere facer fincapé nunha cuestión e que xa dixeron no seu alegato inicial. Eles, independentemente do control que houbera que facer noutras esferas, o control que se debera facer no pleno é o control político, da xestión política. Lanzaron dúas preguntas, unha relativa á xestión dos contratos preguntando por qué non se estaba a cumprir coa normativa establecida ao respecto e por qué se deixou transcorrer tanto tempo ata buscar unha solución na que aparentemente se está. O seu Grupo confía en que así sexa e que dunha vez se regularice a situación. As súas preguntas non tiveron resposta e lle pareceu entender que se aludiu a falta de persoal, sendo esta tamén unha cuestión de índole política e de xestión política, polo que necesitan unha resposta de por que durante tantos anos os servizos carecen de contrato e non se deu solución a este problema.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Alcalde di que el en ningún foro vai eludir a súa responsabilidade como Alcalde do Concello de Culleredo, pois é responsable de todo o bo e de todo o malo, independentemente das vicisitudes que poida haber nos departamentos municipais aos que defenderá sempre. Desde que é alcalde, desde o ano 2017, o goberno municipal fixo todo o posible para poder licitar o contrato do que se está a falar e outros pero a situación que houbo entre baixas do persoal, xubilacións, etc, non permitiu esa axilidade, e o que se fixo foi solicitar aos xefes de servizo, como o de Medio Ambiente, a redacción dos pregos ou unha solución xurídica aceptable para poder redactalos.

A continuación solicita novamente o o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, lle di á Sra. García Gorostizu que confunde as cousas e que se está a ver na sesión como os membros do Partido Popular teñen moito máis que ver cos membros do equipo de goberno que cos membros do BNG.

Pídelle á Sra. García Gorostizu que lea a parte propositiva da proposta para que todos os membros da Corporación poidan ver o que trae de novedoso porque xa se teñen traído ao Pleno outras propostas relativas a este tema e estaría ben ver que trae de novo a que se propón hoxe.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

O Sr. Alcalde dixo, respecto da xudicialización da que falou a Sra. Palla Maceiras, que estaba todo arquivado, e a anterior voceira dese Grupo ten dito varias veces no Pleno que iso é falso, que non está arquivado, recordando el a sentenza amosando que non está arquivado e lle parece recordar que o que dicía era que había que licitar. A Sra. Ferreiro Varela dicía que iso en calquera momento se podería reabrir.

O Sr. alcalde volve coa falta de persoal e pregunta se Culleredo é unha burbulla no mundo porque el fixo unha pequena busca no Portal de Contratación e pon como exemplo ao Concello de Carballo, con máis ou menos o mesmo número de habitantes e o mesmo orzamento, e facendo un filtro por servizos vese servizo de limpeza viaria, mercado municipal, limpeza colexios, praias, etc., algúns reservados a Centros sociais de Emprego, preguntando se en Carballo hai algo distinto e respondendo que a diferenza é que en Carballo hai un goberno do BNG. El ten pregos de fai tempo coa sinatura do secretario municipal naquel momento en Carballo que é o mesmo secretario que hoxe está aquí, polo que xente que saiba facer as cousas hai pero falta iniciativa política e a responsabilidade está clara, é do Sr. Alcalde e do seu equipo de goberno que lle axuda.

Culleredo medrou desde os 15.000 habitantes dos anos 80 aos 30.000 que hai agora e ao goberno municipal ese crecemento se lle foi das mans e os novos servizos que hai que dar, as novas zonas que hai que limpar, as maiores calidades que se esixen, sendo incapaces de xestionar o Concello, con xente que está a caer nas baldosas das beirarrúas con consecuencias ás veces graves, chamándolle poderosamente a atención a cuestión da que fala o Sr. Alcalde da xente que vai poder subrogarse cando a subrogación é o dereito que teñen os traballadores que participaban no contrato que estaba licitado orixinalmente de ser subrogados por outra empresa que collera ese servizo.

Invita ao Sr. Alcalde a que diga canta xente podería ter ese dereito de subrogación e concretalo con datos e con transparencia, sendo este un punto crucial porque ao mellor a xente podería ter que buscar unha alternativa. Aproveita para avisar de que hai moito tempo xa que non se lle pasa información relativa aos reparos, habendo facturas que indican que se levanta o reparo pero non se lles dá o motivo de reparo como se daba antes de forma separada, pedindo que se volva a dar como entón, cando se podían ler cuestións como por exemplo os informes de Secretaría e de Intervención onde se podía saber os motivos dos reparos, onde se recollía en numerosas ocasións *"... advírtese da gravidade que supón a contratación verbal, prohibida expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha moi transcendente infracción xurídica ao supoñer a omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, o que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito, polo que procede a revisión de oficio..."* A licitación, aparte da seguridade xurídica dos traballadores, achega tamén vantaxes económicas. O Tribunal Europeo de Xustiza ten cualificado a celebración ilegal de contratos por

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

C.I.F. P-1503100-H

adxudicación directa como a infracción máis grave do Dereito comunitario en materia de contratos públicos. Nunha sentenza do ano 2005 conclúese que ademais dos métodos de contratación aberta e competitiva nos que se aplican adecuadamente os descritos principios permiten máis concurrencia e a obtención de beneficios por ofertas máis vantaxosas, cuestión esta última que afecta á utilización máis eficiente dos recursos públicos nun periodo como o actual caracterizado por importantes restricións presupostarias. Lle di ao Sr. Alcalde que deixe de inventar historias e de innovar en Dereito administrativo e de contratación porque o que lle din aquí é que se hai licitación hai concurrencia e competirán con ofertas máis vantaxosas. Hai unha sentenza recente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que di que a Lei de Enxuciamiento Criminal indica que os que por razón dos seus cargos, profesións de oficio ou tiveran noticia dalgún delito público están obrigados a denunciálo inmediatamente ao Ministerio Fiscal, ao Tribunal competente, ao xuíz de instrución ou, na súa falta, ao municipal ou funcionario da policía máis próximo, engadindo que nese litixio entende a Sala que a omisión absoluta do procedemento de contratación administrativa, dadas as súas dimensións (máis dun millón de euros en relación a materias diferentes o que implica que se eludiu completamente o procedemento de contratación de forma recalcitrante. En Culleredo fálase de entre 8 e 9 millóns de euros que se pagan desa forma. Na sentenza recóllese tamén que a infracción, unida ás múltiples advertencias da Secretaría e da Intervención do Concello que constan no expediente sobre as irregularidades das actuacións revelan a existencia de feitos que puideran ser iniciarios de actividade delictiva no eido da prevaricación administrativa, e que por iso se debe acordar a remisión da testemuña do procedemento á Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que lle dea curso e proceda conforme á Lei de Enxuciamiento Criminal. O goberno municipal incorre en todo isto. Prega novamente á voceira do Partido Popular que lea a parte resolutiva.

A Sr. Alcalde indica que o Concello de Carballo é un dos concellos cos que se está a falar desta e doutras materias e todos os pregos dos que vén de falar foron feitos por asistencias técnicas e validados por funcionarios municipais. Poderíase incluso chegar a un acordo. Respecto da lectura da sentenza lle di ao Sr. Chouciño que ningunha sentenza é idéntica porque as casuísticas son diferentes e indica que cando se le unha sentenza debería ler todo e non só a parte interesada.

A Sra. García Gorostizu di que en todo momento a postura do Partido Popular é defender aos traballadores que prestan os seus servizos no Concello e piden o apoio para que a licitación dos contratos sexa o máis rápido posible e rematar coa inseguridade xurídica.

Código do documento	Código do expediente
USG18I01JH	USG/2023/184
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1B1K 6D2E 3D2S 5A0L 16S3	

Sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria o Pleno municipal, **por unanimidade** dos Sres/as. Concelleiros e concelleiras, acorda:

Proceder, á maior brevidade posible, á licitación dos servizos relacionados a continuación, cuxos contratos carecen de vixencia na actualidade, coa finalidade de dar cumprimento á legalidade vixente e dotar de seguridade xurídica tanto ás propias empresas prestadoras dos servizos, aos traballadores das mesmas, como aos veciños e veciñas de Culleredo.”

- Limpeza viaria, desde o 2012 (XALO OBRAS Y SERVICIOS, S.L.)
- Limpeza de edificios, desde o 2020 (XALO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.)
- Mantemento de xardíns, zonas 1 e 3, desde 2019 (JARDINCELAS, S.L.)
- Mantemento de xardíns, zona 4, desde 2020 (JARDINCELAS, S.L.)

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e quince minutos (11:15 h.) do día expresado “*ut supra*”, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como Secretario municipal dou fe.

Autorízase o presente borrador da acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde, e do secretario municipal, que dá fe, que se someterá a aprobación na vindeira sesión ordinaria que se celebre do mesmo órgano a expensas do que resulte da correspondente aprobación.

C.I.F. P-1503100-H